

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA – IGAPE

Resolución pola que se da publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para a execución de accións de promoción exterior das empresas galegas (Galicia Exporta Empresas 2025), cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 en réxime de concorrència non competitiva (código de procedemento IG622A)

O Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, Igape), na súa xuntanza do 14 de abril de 2025 acordou, por unanimidade dos membros asistentes, aprobar as bases reguladoras das axudas para a execución de accións de promoción exterior das empresas galegas (Galicia Exporta Empresas), cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027, facultando á persoa titular da Dirección Xeral do Igape para a súa convocatoria, a aprobación dos créditos e a publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Na súa virtude, e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro. Publicar as bases reguladoras das axudas para a execución de accións de promoción exterior das empresas galegas (Galicia Exporta Empresas), e convocar para o ano 2025 as ditas axudas en réxime de concorrència non competitiva (código de procedemento IG622A).

A convocatoria de axuda proposta ten unha dotación de 8.300.000 € no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027, cunha taxa de cofinanciamento FEDER do 60%, computándose como cofinanciamento nacional polo 40% restante, parte de cofinanciamento público do Igape e o investimento privado elixible dos beneficiarios. En particular:

Obxectivo Político 1: Unha Europa máis competitiva e intelixente, promovendo unha transformación económica innovadora e intelixente e unha conectividade rexional ás tecnoloxías da información e das comunicacións.

Prioridade P1A: Transición dixital e intelixente.

Obxectivo Específico 1.3: Reforzar o crecemento sostible e a competitividade das pemes e a creación de emprego nestas empresas, tamén mediante investimentos produtivos.

Actuación 1.3.03: Axudas á internacionalización de empresas galegas.

Subtipo de acción 1.3.3.2: Axudas ao Programa Galicia Exporta empresas.



Ámbito de intervención 021: Desenvolvemento empresarial e internacionalización das pemes, incluídos os investimentos produtivos.

Os indicadores do programa Galicia FEDER 2021-2027 correspondentes a estas axudas son os seguintes:

- Indicador de realización RCO01 – Empresas apoiadas (das cales, micro empresas, pequenas, medianas, grandes).
- Indicador de realización RCO02 – Empresas apoiadas a través de subvencións.
- Indicador de resultado RCR02 – Investimentos privados que acompañan ao apoio público.

Segundo. O prazo de presentación de solicitudes de axuda comezará a computarse transcorridos 5 días hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* ás 9.00 horas e rematará o 30 de setembro de 2025, ás 14.00 horas, agás que antes desa data se produza o esgotamento do crédito.

Terceiro. Os créditos dispoñibles para concesións nesta convocatoria aboaranse con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e polos seguintes importes e coa seguinte distribución plurianual:

Código de proxecto	Partida orzamentaria	Ano 2025	Ano 2026	Total
2023 00002	09.A1.741A.7700	8.000.000 €	300.000 €	8.300.000 €

A persoa titular da Dirección Xeral do Igape poderá ampliar os créditos, despois da declaración da súa dispoñibilidade, como consecuencia das circunstancias establecidas no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante, Decreto 11/2009), mediante resolución publicada para o efecto.

Cuarto. Prazos de duración do procedemento, de execución do proxecto e para solicitar o cobramento:

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de tres meses contados desde a data de presentación de solicitude de axuda, transcorrido o cal se poderá entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de axuda.



O prazo de execución comezará o 1 de xaneiro de 2025. O proxecto obxecto da axuda non poderá estar completamente executado (data da última factura) no momento de presentar a solicitude.

Este prazo finalizará na data indicada na resolución de concesión, sen exceder nunca:

- O 30 de novembro de 2025, para solicitudes con accións previstas ata esa data.
- O 31 de xaneiro de 2026, para solicitudes con accións previstas ata ese momento.

Estas datas representan os prazos máximos para a emisión e pagamento das facturas correspondentes. Dentro do período de execución, deberá presentarse a solicitude de cobramento. Ademais, as accións realizadas entre o 1 e o 31 de decembro de 2025 poderán ser imputadas ao exercicio de 2026.

Quinto. De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*. A cesión de datos de carácter persoal que debe efectuarse á Intervención Xeral da Administración do Estado para os efectos de publicar as subvencións concedidas na Base de Datos Nacional de Subvencións, non requirirá o consentimento do beneficiario.

Sexto. Os requisitos do artigo 40.1 do Decreto 11/2009, indícanse nas bases anexas a esta resolución.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
Covadonga Toca Carús
Directora Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

INSÍRASE

A XERENTE

Patricia Villajos Grande



Bases reguladoras das axudas para a execución de accións de promoción exterior das empresas galegas (Galicia Exporta Empresas 2025), cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia FEDER 2021-2027

A internacionalización achega ás empresas a posibilidade de aumentar o seu tamaño e acadar maiores economías de escala, acceder a recursos inaccesibles ou caros no seu mercado de orixe, conseguindo economías de localización, mellorar a notoriedade e a diferenciación dos seus produtos e marcas, entrar en contacto con consumidores máis exixentes e competidores máis eficientes que estimulan a súa innovación e desenvolvemento tecnolóxico e, en definitiva, mellorar a súa eficiencia económica e capacidade competitiva.

O obxectivo destas bases é facilitar a internacionalización das empresas galegas que aínda non exportan ou que contan cunha baixa presenza exterior, así como apoiar ás que xa están internacionalizadas para que non só manteñan a súa presenza nos mercados exteriores, senón que a amplíen. Para iso, ofrécense axudas que lles permitan aumentar a súa presenza internacional, expandíndose a novos países e diversificando os sectores nos que operan. Ademais, considérase adecuado apoiar ás pemes galegas que, operando en Galicia, buscan captar clientes estranxeiros, incluíndo tamén como posibles beneficiarias as empresas que estean inmersas en procesos de internacionalización inversa.

O proceso de internacionalización do tecido empresarial galego foi, e seguirá sendo, un dos piares fundamentais da política económica da Xunta de Galicia, co obxectivo de mellorar a súa competitividade e impulsar o crecemento económico. O Goberno galego aposta firmemente pola proxección exterior das empresas, promovendo un modelo que facilita o acceso á información, ofrece servizos directos nos principais mercados internacionais, financia a entrada das empresas neles, e fomenta a formación e especialización do capital humano.

Esta convocatoria encádrase no Eixo 3 do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, que establece como prioridade a internacionalización da economía galega para asegurar o crecemento económico e a competitividade global das empresas:

PA 3.3 Impulsar o crecemento e competitividade das pemes, a transición industrial e o emprendemento.

OE 3.3.3 Atraer investimento produtivo e fomentar e facilitar a internacionalización das empresas galegas, en especial as PEMES.



Dentro deste marco, un dos obxectivos clave é potenciar a presenza das empresas galegas nos mercados internacionais, apoiando iniciativas que melloren a súa competitividade global. A convocatoria Galicia Exporta Empresas contribúe directamente a este obxectivo, ao ofrecer apoio ás pemes para a realización de accións de promoción exterior, prospección de mercados e operatividade comercial e dixitalización.

Ademais, o Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 resalta a importancia de fortalecer a capacidade exportadora das pemes mediante axudas que lles permitan abordar novos mercados con garantías de éxito. A convocatoria facilita este proceso ao proporcionar recursos para que as empresas poidan desenvolver estratexias de internacionalización sólidas, mellorando a súa presenza nos mercados exteriores e incrementando a súa competitividade a nivel global.

Paralelamente, estas bases encaixan tamén nos obxectivos do *Eixo 3 da Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega 2021-2025: Acompañamento e dotación de medios. Medida 3.1: Acompañamento nos mercados destino*, que busca reforzar o apoio ás empresas galegas na súa expansión internacional, facilitando a súa entrada e consolidación en mercados exteriores.

As accións apoiadas están en liña co obxectivo prioritario da Estratexia, que persegue un aumento significativo na cantidade, calidade e impacto efectivo das exportacións das empresas galegas, reforzando así o seu papel nos mercados globais. Entre as súas metas destacan a de ampliar a base exportadora, explorar e abrir novos mercados, consolidar a posición nos mercados maduros e fomentar a expansión en áreas con menor presenza pero alto potencial de crecemento.

A Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica, establece no seu artigo 4 como funcións do Igape, entre outras, proporcionar información sobre os mercados e favorecer o desenvolvemento das exportacións e acordos con empresas estranxeiras.

Co obxectivo de reforzar a competitividade das pemes galegas nos mercados internacionais e atendendo ás necesidades actuais do tecido empresarial, nesta edición do programa Galicia Exporta Empresas incluimos un novo epígrafe denominado "Dixitalización" dentro do apartado de conceptos subvencionables. Esta medida responde á crecente relevancia das ferramentas dixitais no comercio internacional, que permiten ás empresas acceder a novos mercados, optimizar os seus procesos e mellorar a súa visibilidade global.

A incorporación deste epígrafe busca concentrar os esforzos e os recursos dispoñibles nunha única convocatoria, simplificando así o acceso ás axudas e maximizando o impacto das mesmas. O apoio á dixitalización enmárcase dentro dunha estratexia máis ampla de impulso á



internacionalización dixital, promovendo a adopción de tecnoloxías avanzadas, a creación de plataformas de venda en liña e o desenvolvemento de accións de márketing dixital orientadas ao mercado global. Deste xeito, este programa amplía as súas posibilidades de financiamento para garantir que as pemes galegas estean preparadas para afrontar os retos e oportunidades do comercio internacional na era dixital.

Esta liña de axuda complementáase coas liñas de axuda Galicia Exporta Organismos Intermedios e Plan FOEXGA cofinanciadas con FEDER, e cos servizos do Igape á internacionalización.

Segundo o establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante, Lei 9/2007), exclúese o réxime de concorrência competitiva no procedemento de concesión das axudas. As subvencións outorgaráselles a aqueles solicitantes que cumpran os requisitos establecidos nestas bases ata o esgotamento dos créditos habilitados, o cal, de ser o caso, se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

A xustificación desta excepcionalidade radica no interese especial de promover calquera proxecto empresarial que cumpra cos requisitos esixidos, sen necesidade de priorizar uns sobre outros. Neste contexto, non resulta necesario realizar unha valoración comparativa entre as distintas propostas, xa que todos os que se axusten aos criterios serán igualmente relevantes para o obxectivo de fomentar as exportacións das pemes en Galicia.

Ademais, a concorrência non competitiva permite unha maior flexibilidade na xestión das axudas, ao manter aberta a posibilidade de presentar solicitudes de xeito continuo, sen estaren suxeitas a prazos pechados nin a convocatorias puntuais facilitando, ademais, a execución dos fondos. Isto asegura que os proxectos que poidan beneficiarse da subvención ou financiamento reciban atención en calquera momento, facilitando así o apoio a iniciativas que promovan a internacionalización das empresas galegas de maneira constante e oportuna.

A estas bases reguladoras resúltalles de aplicación o principio de "non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente" (DNSH, polas súas siglas en inglés); isto é, que ningunha das actuacións promovidas nestas bases incide negativamente en ningún dos seis obxectivos medio ambientais recollidos no artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852: mitigación ao cambio climático, adaptación ao cambio climático, uso sostible e protección dos recursos hídricos e mariño, economía circular, prevención e control da contaminación e protección e recuperación da biodiversidade e os ecosistemas.



Nesta convocatoria incorpórase o establecemento de métodos de custos simplificados conforme o disposto no artigo 54 do Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns, relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os ditos fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados (en diante, RDC).

A convocatoria desta liña de axudas será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do Igape. A convocatoria incluírá o procedemento de tramitación, o prazo de presentación de solicitudes e os créditos asignados.

Artigo 1. *Obxecto*

O obxecto destas axudas é apoiar e incentivar accións de promoción exterior que melloren a competitividade das empresas galegas e reforcen a súa presenza nos mercados internacionais.

Artigo 2. *Definicións*

1. Única empresa: para os efectos desta resolución e da noción de persoas beneficiarias para o cálculo do límite previsto no artigo 4.2 terase en conta a definición de “única empresa” establecida no artigo 2.2 do Regulamento (UE) 2023/2831 da Comisión do 13 de decembro de 2023 relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis*, no artigo 2.2. do Regulamento (CE) nº 717/2014, da Comisión, do 27 de xuño, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas de *minimis* no sector da pesca e da acuicultura e no artigo 2.2. do Regulamento (UE) nº 1408/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo ás axudas de *minimis* no sector agrícola, que coinciden coa noción de empresa vinculada do artigo 3.3 do Anexo I do Regulamento (CE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014. Enténdese por “única empresa” todas as sociedades que teñan polo menos un dos seguintes vínculos entre si:

- a) unha empresa ten unha maioría dos dereitos de voto dos accionistas ou socios doutra empresa;
- b) unha empresa ten dereito a nomear ou revocar á meirande parte dos membros dos órganos de administración, dirección ou control doutra sociedade;



- c) unha empresa ten dereito a exercer unha influencia dominante sobre outra, en virtude dun contrato celebrado coa dita empresa ou unha cláusula estatutaria doutra empresa;
- d) unha empresa, que é accionista ou asociada a outra empresa, controla soa, en virtude dun acordo celebrado con outros accionistas ou socios da segunda empresa, unha maioría dos dereitos de voto dos seus accionistas ou socios.

As empresas que manteñan calquera dos catro supostos das relacións a través doutra ou outras empresas, tamén deben ser consideradas como única empresa.

2. Feiras comerciais: manifestacións comerciais organizadas por terceiros, de duración limitada, que teñen por obxecto a exposición de bens e a oferta de servizos para favorecer o seu coñecemento e difusión, promover contactos e intercambios comerciais, lograr maior transparencia no mercado e achegar a oferta á demanda.

3. Feiras comerciais internacionais: as feiras comerciais organizadas por terceiros de carácter internacional e tipo presencial, que se celebran no estranxeiro, así como as que teñen lugar en España sempre que estean incluídas no Calendario Oficial de Feiras Comerciais Internacionais aprobado pola Secretaría de Estado de Comercio do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo para os anos 2025 e 2026 publicadas no *Boletín Oficial do Estado* (en edicións que se celebren dentro do prazo de execución destas bases). Inclúense ademais as feiras comerciais virtuais de carácter internacional.

4. Outros eventos expositivos Internacionais organizados por terceiros non vinculados á empresa solicitante nin empresarial nin comercialmente, de duración limitada. Quedan incluídos nesta definición actuacións tales como: xornadas técnicas e demostracións, pases de produtos audiovisuais (*screenings*), desfiles, participación en concursos ou certames, catas, degustacións, encontros b2b, e outros de similar natureza. Inclúense na definición os eventos expositivos virtuais con carácter internacional. A presenza como expositor obedecerá a un obxectivo comercial preestablecido ou responderá a unha oportunidade de negocio previamente identificada, relacionadas directamente cos bens ou servizos que produce ou presta o beneficiario.

Están excluídos deste punto:

- Os mercados de época, os mercados festivos e os mercadillos artesanís.
- Aqueles espazos expositivos ou promocionais que se utilicen como puntos de venda directa.
- As xiras, festivais, concertos e outros eventos de similar natureza.



5. Misión comercial directa: viaxes de carácter comercial a un país obxectivo, organizadas cunha axenda concertada de reunións co fin de establecer contactos, promocionar produtos ou servizos e crear oportunidades de negocio con socios potenciais, distribuidores, clientes ou aliados estratéxicos.

6. Misión comercial inversa: viaxes de clientes, compradores, importadores, distribuidores, medios de comunicación ou outros prescriptores estranxeiros ás instalacións da empresa co obxectivo de dar a coñecer a empresa e os seus produtos e explorar formas de cooperación internacional. Tamén se inclúen visitas a emprazamentos en Galicia onde as empresas beneficiarias teñan realizado actuacións que poidan servir como referencia para potenciais clientes.

Artigo 3. *Procedemento e réxime de aplicación*

1. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrència non competitiva, de acordo co establecido na Lei 9/2007, que no seu artigo 19.2 establece que as bases reguladoras das convocatorias de axudas poderán exceptuar o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e a finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario, coas garantías previstas no artigo 31.4 desta lei.

As solicitudes resolveranse atendendo á súa prelación temporal ata o esgotamento do crédito, do cal se dará a correspondente publicidade.

Para os efectos da determinación da prelación temporal, a data para ter en conta será a data e hora de presentación da solicitude completa. No caso de presentación de achegas ou de que a solicitude requira emenda, terase en conta a data e hora en que a persoa solicitante presente correctamente toda a documentación e a información requirida. No caso de que máis dunha solicitude teña a mesma data de presentación, prevalecerá a solicitude cuxa data e hora de presentación fose anterior segundo conste no Rexistro Electrónico Xeral e, en último caso, prevalecerá aquela á cal o sistema lle asignase automaticamente o número de entrada máis baixo.

2. Non se poderán outorgar subvencións por contía superior á que se determine na presente convocatoria, salvo que se realice unha nova convocatoria, ou se produza un incremento de créditos derivados dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, ou da existencia de



remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, ou dunha transferencia de crédito, ao abeiro do disposto no artigo 31.2 da Lei 9/2007.

3. As axudas recollidas nestas bases incardínanse no réxime de axudas de *minimis* establecido no Regulamento (UE) 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da UE ás axudas de *minimis*; no Regulamento (CE) nº 717/2014, da Comisión, do 27 de xuño, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas de *minimis* no sector da pesca e da acuicultura e no Regulamento 1408/2013, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis* no sector agrícola (DOUE L 352, do 24 de decembro), ou as normas que os modifiquen.

4. A convocatoria de axuda proposta ten unha dotación de 8.300.000 € no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027, cunha taxa de cofinanciamento FEDER do 60%, computándose como cofinanciamento nacional polo 40% restante, parte de cofinanciamento público do Igape e o investimento privado elixible dos beneficiarios.

En particular, esta convocatoria enmárcase en:

Obxectivo Político 1: Unha Europa máis competitiva e intelixente, promovendo unha transformación económica innovadora e intelixente e unha conectividade rexional ás tecnoloxías da información e das comunicacións.

Prioridade P1A: Transición dixital e intelixente.

Obxectivo Específico 1.3: Reforzar o crecemento sostible e a competitividade das pemes e a creación de emprego nestas empresas, tamén mediante investimentos produtivos.

Actuación 1.3.03: Axudas á internacionalización de empresas galegas.

Subtipo de acción 1.3.3.2: Axudas ao Programa Galicia Exporta empresas.

Ámbito de intervención 021: Desenvolvemento empresarial e internacionalización das pemes, incluídos os investimentos produtivos.

Os indicadores do programa Galicia FEDER 2021-2027 correspondentes a estas axudas son os seguintes:

- Indicador de realización RCO01 – Empresas apoiadas (das cales, micro empresas, pequenas, medianas, grandes).
- Indicador de realización RCO02 – Empresas apoiadas a través de subvencións.
- Indicador de resultado RCR02 – Investimentos privados que acompañan ao apoio público.



5. Nesta convocatoria incorpórase o establecemento de métodos de custos simplificados conforme o disposto no artigo 54.a) do RDC.

6. En cumprimento do artigo 9.4 do RDC todos os proxectos financiados ao abeiro destas bases reguladoras deben respectar o principio de non causar un prexuízo significativo ao ambiente (principio DNSH, polas súas siglas en inglés, «do no significant harm»).

Artigo 4. *Concorrencia con outras axudas ou subvencións públicas*

1. Estas axudas son incompatibles con calquera outra axuda para os mesmos gastos subvencionables.

2. Ao estar este réxime de axudas suxeito ao réxime de *minimis*, deberase garantir que de recibir a persoa beneficiaria outras axudas baixo o réxime de *minimis* non se supera o límite de 300.000 euros nos tres anos previos á concesión da axuda. Para as empresas do sector da pesca e a acuicultura as axudas de *minimis* totais que se concedan a unha mesma empresa non poderán superar 40.000 euros e para as empresas do sector agrícola o límite de *minimis* redúcese a 50.000 euros.

3. A obtención doutras axudas ou subvencións deberá comunicarse ao Instituto Galego de Promoción Económica tan axiña como se coñeza e, en todo caso, no momento en que se presente a documentación xustificativa do proxecto realizado. En todo caso, antes de conceder e pagar a axuda, requirirase da persoa solicitante unha declaración sobre calquera outra axuda pública ou privada recibida e/ou solicitada para o mesmo proxecto e/ou para os mesmos conceptos para os que solicita esta subvención e sobre calquera outra axuda de *minimis* recibida e/ou solicitada nos tres anos previos á concesión da axuda. O incumprimento do disposto neste artigo considerarase unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e poderá dar lugar a un procedemento de reintegro.

Artigo 5. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarias destas axudas as empresas, incluídos os autónomos, que reúnan os seguintes requisitos:

a) Cumprir coa definición de peme segundo o anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías).



- b) Ter algún centro de traballo radicado na Comunidade Autónoma de Galicia, e contar no devandito centro con polo menos un traballador por conta allea, na data de publicación no DOG destas bases de axudas. Este último requisito non é aplicable a Startups con certificación de Enisa en vigor e aquelas empresas constituídas con menos de 42 meses de antigüidade na data de publicación das bases de axudas.
- c) Estar dadas de alta en programas avanzados do Igape de apoio á internacionalización cun informe positivo emitido a partir do 1 de xaneiro de 2013. No caso de non estaren inscritas, deberán solicitar a alta a través do procedemento IG192 antes da data de presentación da solicitude.
- d) Estar ao día das súas obrigas coa Facenda Pública estatal, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social.
- e) Ter capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.

2. Non poderán ter a condición de persoas beneficiarias:

- a) As empresas que estean suxeitas a unha orde de recuperación de axudas, consecuencia dunha decisión da Comisión Europea.
- b) As empresas nas que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 e 3 da Lei 9/2007, ou incumpran as obrigas do artigo 11 da citada Lei.
- c) As agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade (agás empresarios autónomos), que careza de personalidade xurídica propia, aínda que realice actividade empresarial.
- d) Para subvencións de importe superior a 30.000 euros, as empresas que incumpran os prazos de pago previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, e as súas posteriores modificacións, cando os solicitantes sexan unicamente suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da citada Lei 3/2004.

Artigo 6. *Condicións dos proxectos*

1. Serán subvencionables os proxectos de internacionalización nos que se executen unha ou varias das seguintes accións:

a) Promoción

Accións destinadas a reforzar a presenza da empresa en mercados exteriores a través de actuacións como a participación como expositor en feiras ou outros eventos expositivos internacionais, tanto presenciais como virtuais, conforme ás definicións do artigo 2. Inclúense tamén misións comerciais directas e inversas, orientadas a fomentar o contacto con potenciais clientes e socios internacionais.



b) Márketing e comunicación internacional

Accións orientadas a promover a imaxe, os produtos ou servizos dunha empresa nos mercados exteriores, co obxectivo de aumentar a visibilidade, reforzar o posicionamento de marca e impulsar a internacionalización.

c) Prospección en mercados internacionais

Accións orientadas a análise de competencia no estranxeiro: análise de competidores, identificación de boas prácticas, benchmarking funcional ou outros de natureza similar.

d) Operatividade da internacionalización

Accións destinadas a facilitar e optimizar a expansión das empresas galegas nos mercados exteriores, reforzando a súa competitividade e garantindo unha operatividade eficiente, mediante a adaptación a normativas internacionais, a homologación de produtos ou outras iniciativas que favorezan a súa consolidación no ámbito global.

e) Dixitalización para a internacionalización

Accións vinculadas á adopción e uso de tecnoloxías dixitais que faciliten o acceso e posicionamento dunha empresa en mercados internacionais.

2. O período de execución dos gastos subvencionables denomínase prazo de execución do proxecto e computarase desde o día 1 de xaneiro de 2025 (polo que a solicitude de axuda poderá incluír accións que se leven a cabo previamente á súa presentación, se ben o proxecto para o que se solicita a axuda non poderá estar executado integramente -data da última factura- no momento de presentar a solicitude de axuda) ata o derradeiro día do prazo de execución establecido na resolución de concesión para os efectos de cumprir todas as condicións nela establecidas.

Excepcionalmente, serán considerados subvencionables os gastos relacionados coas reservas de espazos, viaxes e aloxamentos realizados antes do inicio do período de execución ordinario, sempre que a solicitude inclúa accións de participación como expositor en ditas feiras ou eventos expositivos internacionais, e se xustifique que estes gastos son imprescindibles para garantir a participación na actividade prevista.

3. Cando o importe do tipo de gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor (importe igual ou superior a 15.000 € no caso de prestación do servizo ou adquisición do ben, no momento de



publicar estas bases), a persoa beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación da execución da obra, da prestación do servizo ou da adquisición do ben, salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude de subvención ou que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de provedores que os presten ou subministren. Neste último caso, presentárase un escrito acreditativo desta circunstancia asinado por un experto independente.

As tres ofertas ou orzamentos de provedores deberán reunir, como mínimo, os seguintes requisitos:

a) Comparabilidade: deberán referirse á mesma tipoloxía de elemento obxecto de investimento, con prestacións similares e conter conceptos análogos e comparables e co detalle suficiente para a súa comparación.

b) Non vinculación: os provedores das tres ofertas non poderán ser vinculados entre si nin coa empresa solicitante. Para estes efectos, enténdese que existe vinculación se se dan as circunstancias previstas no artigo 27.7 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e o artigo 43.2 do Decreto que desenvolve a citada lei; así mesmo, tomarase en consideración a definición de empresas asociadas ou de empresas vinculadas establecida nos apartados 2 e 3 respectivamente, do artigo 3 do Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014.

Excepcionalmente, poderase autorizar a contratación con provedores vinculados, con carácter previo á concesión, cando se xustifique a necesidade por parte da persoa solicitante e se acredite que a contratación atende a prezos de mercado.

c) Identificación do ofertante e do destinatario: deberán conter a razón social, o domicilio e o número ou código de identificación fiscal. Excepcionalmente, poderán admitirse ofertas ou orzamentos nas que se omita algún dos elementos identificativos do emisor ou do destinatario cando, ao criterio dos servizos técnicos do Igape, se considere que están clara e inequivocamente identificados o ofertante e o destinatario.

d) Data: todas as ofertas deberán mostrar unha data de emisión.

Non serán admisibles as ofertas emitidas por provedores que non teñan a capacidade para a subministración do ben ou servizo ou que semellen de compracencia (contido e formato idénticos ou extremadamente similares entre ofertas, erros idénticos ou aparencia non habitual, entre outros).



Con carácter xeral, para cada elemento será subvencionable o importe correspondente á oferta de menor prezo de entre as comparables. Excepcionalmente, cando a solicitante non escolla a oferta de menor prezo, poderá considerarse subvencionable o importe da oferta elixida cando acredite que se trata da oferta economicamente máis vantaxosa tras a valoración de diferentes criterios adicionais ao prezo.

6. En ningún caso o custo dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

7. Todos os gastos deben ser facturados á peme solicitante e pagados por ela. Non se admiten pagamentos en efectivo.

8. Non se subvencionarán os servizos contratados relacionados coa actividade empresarial da persoa solicitante da axuda.

9. Cando a persoa beneficiaria da subvención sexa unha empresa, os gastos subvencionables nos que incorrera nas súas operacións comerciais deberán ter sido aboados nos prazos de pagamento previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Artigo 7. Gastos subvencionables e intensidade da axuda

1. Serán subvencionables aqueles gastos que correspondan de xeito indubidable á natureza da acción subvencionada e resulten estritamente necesarios para o desenvolvemento do proxecto para o cal foron concibidos.

Os gastos subvencionables clasifícanse en:

Custos directos: determinados en base ao seu custo real que se corresponden cos descritos no punto 2 deste artigo.

Custos indirectos: son aqueles custos distintos dos custos directos subvencionables, que non poden vincularse directamente á actividade subvencionada pero resultan necesarios para a súa realización, nos que se inclúen os gastos administrativos (tales como xestión administrativa e contable), subministros (comunicacións, auga, electricidade, calefacción, teléfono), seguros, mantemento ou limpeza.



2. Custos directos.

a) Promoción.

1º Gastos asociados á participación en feiras comerciais de carácter internacional, outros eventos expositivos internacionais e misións comerciais directas:

- Billetes de avión, tren, autobús, barco e viaxes internos que sexan necesarios para o desenvolvemento da acción. No caso de proxectos que impliquen viaxar a máis dun país, tamén serán subvencionables os desprazamentos entre eses países. Son subvencionables os gastos de facturación de equipaxe e elección de asentos.
- Taxas de viaxe, seguros de viaxe, visados e gastos de xestión da axencia de viaxe.
- Aluguer de vehículos sen condutor.
- Aloxamento en réxime de aloxamento e almorzo, na cidade de celebración da feira ou evento expositivo ou da misión comercial, ou nos seus arredores, cun máximo de 5 noites. Polo menos, unha das noites debe coincidir coas datas de celebración da feira ou evento no que se participa. No caso de accións en máis dun país poderanse engadir un máximo de 2 noites máis por país cun máximo total de 10 noites. Un máximo de dúas noites pode realizarse en *itinere*.

Límite de gastos:

Os indicados no anexo III.

Para o cómputo do límite de quilometraxe terase en conta a distancia entre a orixe e o destino final sen computar as escalas.

Os gastos de viaxe e aloxamento son subvencionables para un máximo de dúas persoas por empresa, que deberán acreditar a súa vinculación.

Gastos non subvencionables:

- Viaxe e aloxamento para feiras comerciais e eventos expositivos que teñan lugar na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Taxis e VTC.
- Elaboración de axendas de reunións de carácter presencial vinculadas coas anteriores accións: son subvencionables os gastos de servizos de consultoría.
Non é subvencionable a simple elaboración da axenda se non se realizan as reunións correspondentes dentro do prazo de execución do proxecto. Inclúense as axendas virtuais.

Límite de gastos:



3.000 € por acción.

As empresas que presten este tipo de servizos descritos deberán estar dadas de alta na base de datos de axentes comerciais mediadores no exterior do Igape. Este requisito non se requirirá cando o servizo sexa prestado polas oficinas comerciais ou cámaras de España no estranxeiro, ou polas oficinas comerciais ou organismos públicos españois ou estranxeiros que presten este tipo de servizos.

- Aluguer de espazos e/ou stand, e servizos relacionados coa participación na feira ou evento: son subvencionables os gastos de aluguer de espazos e ou stand, entradas, dereitos de inscrición, deseño, construcións, montaxe e desmontaxe de stand, aluguer de mobiliario equipamento, decoración ou personalización do stand, aluguer de equipos audiovisuais, participación en actividades paralelas organizadas no marco da feira; contratación de intérpretes, modelos ou de persoal de apoio e outros servizos de natureza similar debidamente xustificados.

Límite de gasto:

Admítense como máximo 2 entradas por evento, con un importe máximo por entrada de 1.500 €.

- Transporte de mostras destinadas á feira ou evento expositivo. Non é subvencionable o envío de mostras para misións comerciais.

O gasto máximo subvencionable para o conxunto de conceptos neste apartado é de 50.000 € por cada feira ou evento expositivo internacional no que se participe.

2º Gastos por participación en feiras ou outros eventos expositivos virtuais:

- Alugueiro de stand virtual e dos servizos relacionados co aluguer; gastos de intérpretes, e as cotas de participación en feiras e eventos expositivos virtuais cun máximo de 2 persoas por empresa.

Límite de gasto:

1.500€ por evento.

3º Misións comerciais inversas:

Gastos subvencionables:



- Billetes de avión, tren, autobús e barco. Son subvencionables os gastos de facturación de equipaxe e elección de asentos.
- Taxas de viaxe, seguros de viaxe, visados e gastos de xestión da axencia de viaxe.
- Desprazamentos en Galicia mediante servizo contratado: autobús, minibús, taxi ou vehículo con condutor.
- Aloxamento en Galicia en réxime de aloxamento e almorzo cun límite de 5 noites por persoa.
- Asistencia externa para a realización de axendas, detección de oportunidades ou outros de natureza similar.
- Alugamento de salóns e espazos.
- Intérpretes.

Límite de gastos:

Por persoa para aloxamento e viaxe son os recollidos no anexo III.

O gasto máximo subvencionable para intérpretes por visita son 1.200 €.

Os gastos de asistencia externa teñen un límite máximo de 2.000 € por acción.

b) Márketing e comunicación internacional.

- Gastos para a realización de campañas de publicidade en medios de comunicación impresos ou dixitais sempre que a súa difusión se realice no estranxeiro: compra de espazos publicitarios e insercións en medios.
- Gastos para campañas ou insercións publicitarias en catálogos físicos ou dixitais e/ou en páxinas web de importadores/distribuidores do estranxeiro: compra de espazos publicitarios e insercións nos catálogos.
- Gastos para a elaboración de catálogos físicos ou dixitais para a súa difusión en mercados estranxeiros: son elixibles os gastos de deseño, elaboración, edición, montaxe, produción, tradución, impresión e adaptación de catálogos en liña para a súa difusión en mercados internacionais. Este gasto só poderá ser subvencionable cando estea vinculado á execución, polo menos, dunha acción de promoción debidamente xustificada.

Gastos non subvencionables:

- Os custos de mailings.
- Os convites.
- Folletos, material de papelería, tarxetas, sobres, carpetas, listas de prezos e calquera outro material que non estea dirixido estritamente a fins promocionais.
- Carteis, dípticos e trípticos, manuais de instrucións, *flyers*, *displays*, *roll up*, ou outros elementos de similares características



- Produtos de merchandising e outros agasallos promocionais.
- O deseño e elaboración das campañas de publicidade.

Límite de gastos:

O límite máximo de gastos subvencionables para o conxunto de accións mencionadas neste apartado é de 50.000 € por solicitude.

c) Prospección en mercados internacionais.

- Gastos para a elaboración de documentos que inclúan a metodoloxía enfocada a descubrir novos mercados internacionais para a empresa e os seus produtos, a través do estudo da competencia nos devanditos mercados tales coma análise de competidores, identificación de boas prácticas, benchmarking funcional ou similares; servizos de consultoría.

Límite de gasto:

O límite máximo de gasto subvencionable é de 5.000 € por solicitude.

- Gastos para accións de seguimento de contactos ou de clientes xa existentes no estranxeiro para a consolidación do negocio e a implantación promocional en destino: servizos de consultoría.

Límite de gasto:

O límite máximo de gasto subvencionable é de 4.000 € por solicitude.

- Gasto para alugueiro de locais ou espazos expositivos en mercados internacionais.

Gastos no subvencionables:

O alugueiro de locais que se utilicen como puntos de venda directa.

Límites de gasto:

O límite de gasto subvencionable para alugueiro é de 14.500 € por solicitude.

d) Operatividade da internacionalización.

- Gastos para xestión de acordos comerciais internacionais, certificacións, homologacións e rexistros de marcas e patentes de produtos e servizos para o estranxeiro (inclúense os códigos fonte/códigos obxecto); Informe de liberdade de operación ou "Freedom to Operate" (FTO) ou outros de natureza similar debidamente xustificadas; adaptacións do



produto necesarias para a súa comercialización no mercado de destino; asesoría para loxística internacional: consultoría, asistencia xurídica e técnica.

- Servizos para a tradución de documentación.
- Gastos das taxas específicas e inherentes aos servizos sempre que estean relacionados coa actuación subvencionada e sexan indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Gastos non subvencionables:

As renovacións de rexistros de marcas, certificacións ou patentes.

Límite de gasto:

O gasto máximo subvencionable é de 14.500 € por solicitude.

e) Dixitalización para a internacionalización.

- Creación de novas tendas en liña ou adaptación das existentes para promover a venda en mercados internacionais, así como o pagamento de cotas para a introdución dos produtos da empresa en plataformas de comercio electrónico nos mercados obxectivo.

Gastos non subvencionables:

O simple mantemento e actualización anual da páxina web.

Límite de gasto:

O gasto máximo subvencionable é de 18.000 € por solicitude.

- Creación e adaptación de catálogos en liña para o márketing e as vendas en mercados electrónicos obxectivo, tanto B2B como B2C.

Límite de gasto:

O gasto máximo subvencionable é de 10.000 € por solicitude.

- Solucións de inbound márketing internacional para lograr captar, reter, converter e fidelizar a usuarios de interese obxectivo do negocio en liña.

Límite de gasto:

O gasto máximo subvencionable é de 12.000 € por solicitude.

- Solucións de analítica e visualización de datos para elaborar cadros de mando con indicadores (KPI's) para o seguimento e optimización das canles de venda e márketing en liña.

Límite de gasto:

O gasto máximo subvencionable é de 25.000 € por solicitude.



3. Custos indirectos.

Fíxanse nun tipo fixo do 7% sobre os custos directos subvencionables indicados no punto 2 anterior, ao abeiro do disposto no artigo 54.a) do RDC.

4. Non son subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación ou calquera outro gasto que non estea directamente vinculado coa realización da acción subvencionable.

5. No caso dos activos intanxibles, para seren considerados subvencionables deberán cumprir, ademais, todas estas condicións: 1) Empregaranse exclusivamente no establecemento beneficiario da axuda; 2) Consideraranse activos amortizables; 3) Adquiriranse en condicións de mercado a terceiros non relacionados co comprador; 4) Deberán incluírse nos activos da empresa beneficiaria e permanecer asociados ao proxecto a que se destina a axuda durante polo menos tres anos.

6. A contía da axuda será dunha subvención do 70% dos custos directos subvencionables relacionados no punto 2. Ademais, engádese a subvención dos custos indirectos do proxecto, correspondente a un tipo fixo do 7% sobre os custos directos subvencionables ao abeiro do disposto no artigo 54.a) do RDC.

7. O importe máximo total de subvención será de 150.000 € por empresa custos indirectos incluídos. No caso dos gastos relativos ás accións tipo a) *Promoción*, b) *Marketing e comunicación internacional*, c) *Prospección en mercados internacionais* e d) *Operatividade da internacionalización*, o importe máximo de subvención será de 100.000 €, custos indirectos incluídos. No caso dos gastos relativos ás accións tipo e) *Dixitalización para a internacionalización* o importe máximo de subvención será de 50.000 € custos indirectos incluídos.

Os límites máximos de gastos subvencionable son os establecidos en cada categoría de acción.

O gasto mínimo subvencionable do proxecto, excluídos os custos indirectos será de 3.500 € (IVE excluído).

Artigo 8 . *Forma e lugar de presentación de solicitudes*



1. Dentro do prazo establecido na convocatoria para presentar a solicitude de axuda, as persoas interesadas deberán cubrir previamente un formulario electrónico descritivo das circunstancias do solicitante e das accións para as cales solicita a subvención, a través da aplicación establecida na dirección de internet <https://spiga-sede.igape.es>.

Deberán cubrirse necesariamente todos os campos do formulario establecidos como obrigatorios.

No formulario electrónico o solicitante deberá cubrir unha memoria xustificativa que incluírá: os mercados obxectivos e, para cada acción, detalle de: tipo, título, descrición, datas estimadas de inicio e fin, orzamento e lugar de celebración (se procede).

No devandito formulario a entidade solicitante realizará as seguintes declaracións:

a) Que asumirá a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, así como o deber de comunicar ao órgano xestor os casos de sospeita de fraude.

b) Que non está suxeita a unha orde de recuperación de axudas como consecuencia dunha decisión da Comisión Europea.

c) Que cumprirá a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións, así como a normativa vixente sobre accesibilidade de persoas con discapacidade.

d) Que cumpre os criterios da definición de peme establecidos pola Comisión Europea no Regulamento (UE) nº 651/2014.

O Igape realizará as comprobacións documentais necesarias para garantir que as empresas para as que se propón a concesión da axuda teñen a condición de peme.

e) Que manterá un sistema de contabilidade separada ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados con fondos FEDER.

f) Que conservará os libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como a documentación xustificativa da realización e aboamento dos gastos



subvencionables durante un prazo de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano en que o Igape efectúe o último pagamento á persoa beneficiaria.

g) Para as entidades suxeitas a inscrición no Rexistro Mercantil (persoas xurídicas): que cumpriu coa obrigaón de depósito no Rexistro Mercantil das contas anuais correspondentes ao último exercicio coa obrigaón de depósito, segundo os artigos 366 e 368 do Regulamento do Rexistro Mercantil (RD 1784/1996 do 19 de xullo) e o artigo 279.1 do texto refundido da Lei de sociedades de capital.

h) Declaración das axudas concorrentes para os mesmos gastos subvencionables, solicitadas ou concedidas.

i) Declaración sobre calquera outra axuda de *minimis* recibida e/ou solicitada nos tres anos previos á concesión da axuda.

j) Que os provedores non están asociados nin vinculados coa empresa solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores, entendéndose que existe vinculación se se dan as circunstancias previstas no artigo 27.7 da Lei 9/2007 e o artigo 43.2 do Decreto que desenvolve a citada lei; así mesmo, tomarase en consideración a definición de empresas asociadas ou de empresas vinculadas establecida nos apartados 2 e 3 respectivamente, do artigo 3 do Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014.

k) Que cumpre o principio de non causar prexuízo significativo ao medio ambiente (principio “do no significant harm” – DNSH), segundo o Anexo V a estas bases.

l) Que ten capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o cal se solicita a axuda e garantir a sustentabilidade financeira do proxecto.

2. Cada peme interesada poderá presentar unha única solicitude de axuda nesta convocatoria. No caso de presentar máis dunha, considerarase que desiste da anterior, salvo que xa exista unha resolución expresa sobre esta.

3. A solicitude presentarase obrigatoriamente polos medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I) que se obterá de xeito obrigatorio na aplicación informática <https://spiga-sede.igape.es>, accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.



De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se realizou a emenda.

4. Os solicitantes deberán reunir os seguintes requisitos para presentar a solicitude por medios electrónicos:

- a) Será necesario que o asinante da solicitude teña a representación legal da empresa ou entidade solicitante. Esta representación deberá ser individual ou solidaria, de maneira que coa súa firma sexa suficiente para acreditar a vontade do solicitante.
- b) A oficina virtual do Igape acepta todos os certificados validados pola plataforma @firma da Administración Xeral do Estado, que son os que figuran nesta relación: <http://administracionelectronica.gob.es/PAe/aFirma-Anexo-PSC>.
- c) A presentación ante o Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia admite a firma da solicitude por parte dun único solicitante. No caso de que deba ser asinada por máis dun solicitante (por exemplo, solicitudes con dous asinantes, representación mancomunada, etc.), deberá necesariamente anexar un documento no que se deixe constancia de que todos os asinantes autorizan a un deles para presentar a solicitude.

Unha vez asinado o formulario de solicitude mediante certificación dixital do presentador, e transferido este ao Igape, procederase á anotación dunha entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia.

No momento da presentación o rexistro expedirá, empregando as características da aplicación telemática, un recibo no que quedará constancia do feito da presentación.

As persoas solicitantes poderán obter en todo momento un xustificante da presentación na aplicación informática <https://spiga-sede.igape.es>.

Artigo 9. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

- a) No caso de entidades non inscritas no Rexistro Mercantil, escritura ou documento xuridicamente válido de constitución, estatutos debidamente inscritos no rexistro competente, modificacións posteriores destes, e acreditación da representación coa que se actúa, no caso de non atoparse inscritas no Rexistro Xeral de Apoderamentos de Galicia (REAG).



b) As tres ofertas que, se é o caso, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, deba ter solicitado, de acordo co establecido no artigo 6 das bases reguladoras, salvo as excepcións previstas nestas bases reguladoras.

c) Para subvencións de importe superior a 30.000 €, as persoas beneficiarias deben cumprir coa normativa en materia de prazos a provedores, o que se acreditará polos seguintes medios de proba:

1º As persoas físicas e xurídicas que, de acordo coa normativa contable poidan presentar conta de perdas e ganancias abreviada, mediante certificación subscribida pola persoa física ou, no caso de persoas xurídicas, polo órgano de administración ou equivalente, con poder de representación suficiente, na que afirmen alcanzar o nivel de cumprimento dos prazos de pago previstos na citada Lei 3/2004, do 29 de decembro. Poderán tamén acreditar a dita circunstancia por algún dos medios de proba previstos no punto 2º e con suxeición á súa regulación.

2º As persoas xurídicas que, de acordo coa normativa contable non poidan presentar conta de perdas e ganancias abreviada, mediante:

i. Certificación emitida por auditor rexistrado no Rexistro Oficial de Auditores de Contas que conteña unha transcripción desagregada da información en materia de pagos descrita na memoria das últimas contas anuais auditadas, cando delas se desprenda que se alcanza o nivel de cumprimento dos prazos de pago establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, determinado neste apartado, en base á información requirida pola disposición adicional terceira da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro.

Esta certificación será válida ata que resulten auditadas as contas anuais do exercicio seguinte.

ii. No caso de que non sexa posible emitir a certificación de auditor á que se refire o número anterior, «Informe de Procedementos Acordados» elaborado por un auditor rexistrado no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, que, en base á revisión dunha mostra representativa das facturas pendentes de pago a provedores da sociedade a unha data de referencia, conclúa sen a detección de excepcións ao cumprimento dos prazos de pago da Lei 3/2004, do 29 de decembro, ou no caso de que se detectasen, estas non impidan alcanzar o nivel de cumprimento requirido no apartado segundo da letra d) da disposición final sexta da Lei 18/2022, do 28 de setembro, de creación e crecemento de empresas.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente pola



persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os devanditos documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos u outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, excepto que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da presentación electrónica. Para estes efectos, se considerará como data de presentación aquela na que se realizou a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias presentadas pola persoa interesada, para o cal poderán requirir a exhibición da documentación ou da información orixinal.

Artigo 10. *Comprobación dos datos*

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas excepto que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI/ NIE da persoa solicitante.
- b) DNI/ NIE da persoa representante.
- c) NIF da entidade solicitante.
- d) NIF da entidade representante.
- e) Imposto de Actividades Económicas (IAE).
- f) Consulta de información do Imposto de Actividades Económicas Ampliado.
- g) Certificado de estar ao día nas obrigas tributarias coa AEAT.
- h) Certificado de estar ao día nos pagos coa Seguridade Social.
- i) Certificado de estar ao día nos pagos coa Consellería de Facenda e Administración Pública.
- J) Documentación depositada no Rexistro Mercantil segundo o artigo 9.1.a) destas bases.
- k) Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.



- l) Consulta de concesións pola regra de *minimis*.
- m) Consulta de concesións de subvencións e axudas.
- n) Certificado da renda (IRPF).
- ñ) Contas anuais depositadas no Rexistro Mercantil do último exercicio económico pechado para o que se cumpriu o prazo de depósito legalmente establecido, incluíndo informe de auditoría, no seu caso.
- o) Informes de vida laboral da empresa.
- p) Consulta ao Rexistro Central de Titularidades Reais (RCTIR), en aplicación do disposto no artigo 69.2 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no anexo I de solicitude e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitara a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 11. *Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar trala presentación da solicitude deberán realizarse electronicamente accedendo a través da dirección de internet <https://spiga-sede.igape.es>.

Artigo 12. *Órganos competentes*

A competencia para a instrución do procedemento de concesión da subvención correspóndelle á Área de Internacionalización do Igape e a competencia para ditar a resolución, que poña fin ao procedemento na vía administrativa, correspóndelle á persoa titular da Dirección Xeral do Igape, por delegación do Consello de Dirección do Igape.

Artigo 13. *Instrución dos procedementos*

1. As solicitudes avalíaranse por orde de entrada de solicitudes completas ata a total utilización do orzamento da convocatoria, en réxime de concorrencia non competitiva. Cando se produza o



esgotamento do crédito, as solicitudes pendentes de avaliación resolveranse denegando a solicitude.

2. A solicitude de axuda será informada polos servizos do órgano instrutor do Igape en función dos datos relativos á persoa solicitante e ao proxecto declarados na solicitude de axuda e no formulario e na documentación presentada.

3. De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, se a solicitude ou o formulario non reúnen algunha da documentación ou información previstas nas bases, requirirase a persoa interesada para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos.

Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, terase por desistido na súa petición e declarase concluso o expediente, logo da correspondente resolución.

4. Os expedientes que non cumpran as esixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de denegación, na que se indicarán as causas desta.

Artigo 14. *Resolución e notificacións*

1. A Área de Internacionalización do Igape ditará proposta de resolución con base neste procedemento, e elevaraa á persoa titular da Dirección xeral do Igape, quen resolverá a concesión das subvencións por delegación do Consello de Dirección do Igape.

2. A resolución de concesión da subvención comprenderá a identificación das persoas beneficiarias, contía da subvención e obrigas que correspondan ás persoas beneficiarias, os requisitos específicos relativos aos produtos ou servizos que deban obterse con ela, o plan financeiro e o calendario de execución, con indicación do método que se aplica para determinar os custos da operación, así como os demais requisitos previstos na normativa comunitaria para a selección da operación que debe conter o Documento polo que se Establecen as Condicións de Axuda (DECA).

Na resolución constará a información sobre o cofinanciamento pola Unión Europea no marco do programa Galicia FEDER 2021-2027 e as correspondentes porcentaxes, con indicación do obxectivo político, obxectivo específico, actuación e ámbito de intervención.



Tamén incluírá a comunicación de que a aceptación da axuda implica a aceptación da inclusión das entidades beneficiarias na lista de operacións, que se publicará no portal da Dirección General de Fondos Comunitarios do Ministerio de Hacienda, co contido previsto no apartado 3 do artigo 49 do Regulamento (UE) nº 2021/1060.

Informarase á persoa beneficiaria sobre o carácter de *minimis* da axuda, facendo unha referencia expresa e completa ao regulamento de *minimis* que corresponda.

3. Na resolución denegatoria de axuda farase constar o motivo da denegación.

4. As notificacións das resolucións e actos administrativos do procedemento practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas efectuaranse a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida. De conformidade co artigo 47 da Lei /2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento por parte das persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos. As notificacións por medios electrónicos entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, o Igape practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



5. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será o establecido na resolución de convocatoria, transcorrido o cal poderase entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

Artigo 15. *Réxime dos recursos*

As resolucións ditadas ao abeiro destas bases porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interporse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

- a) Potestativamente, recurso previo de reposición, ante a persoa titular da Dirección Xeral do Igape, por delegación do Consello de Dirección do Igape, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da resolución, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que de acordo co establecido nestas bases reguladoras se produza o acto presunto.
- b) Recurso contencioso-administrativo, ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 16. *Modificación da resolución*

- 1. Unha vez ditada a resolución de concesión, observarase o establecido no artigo 35 do Decreto 11/2009, admitíndose, dentro dos límites xerais establecidos nestas bases, de oficio ou a instancia de parte, modificacións ao proxecto.
- 2. Só se admitirá unha solicitude de modificación por convocatoria que deberá presentarse como máximo con dous meses de anterioridade á data de finalización do prazo de execución do proxecto.

A modificación non suporá, en ningún caso, un aumento do importe da subvención concedida nin poderá prexudicar dereitos de terceiros.

- 3. Non se considerarán modificacións propiamente ditas:

- Feiras ou eventos expositivos internacionais: substitución dun evento por outro de características similares ou modificación das súas datas ou país de destino.



- Misións comerciais directas: cambio de datas ou substitución do destino ou destinos previstos na misión.
- Misións comerciais inversas: modificación das datas ou do lugar de procedencia dos visitantes.

4. A persoa beneficiaria deberá comunicar ao Igape a modificación das condicións establecidas na resolución. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado, por delegación do Consello de Dirección do Igape, pola persoa titular da Dirección Xeral do Igape, tras a instrución do correspondente expediente, no cal se dará audiencia ás persoas interesadas. Con todo, poderase prescindir deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin se teñan en conta na resolución outros feitos, alegacións ou probas que as aducidas polas persoas interesadas.

Artigo 17. *Obrigas das persoas beneficiarias*

Son obrigas das persoas beneficiarias:

- Executar as accións que fundamentan a concesión das subvencións no prazo establecido na resolución de concesión.
- Xustificar ante o Igape o cumprimento dos requisitos e condicións da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou desfrute da subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación e/ou de control financeiro que deba efectuar o órgano concedente, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, a Intervención Xeral da Administración do Estado, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas, ou en xeral as comprobacións e verificacións a realizar polo Organismo Intermedio, a Autoridade de Xestión e, no seu caso, os órganos de control da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo ou outras instancias de control, en particular ás verificacións previstas no artigo 74 do RDC, as auditorías do organismo de auditoría do Programa Galicia FEDER 2021-2027 ou das distintas instancias comunitarias de control sobre os fondos europeos, e achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Durante o período citado na epígrafe anterior, as empresas estarán obrigadas a subministrar, por requirimento do Igape, os datos relativos á evolución da súa actividade exportadora (volume de facturación, servizos ou produtos exportados, países, etc.) e resultados concretos obtidos, para os efectos de realizar as avaliacións oportunas sobre o resultado das accións financiadas.



e) Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados con fondos FEDER.

f) Comunicar ao Igape a solicitude e/ou obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien os investimentos subvencionados, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa solicitude de cobro da subvención.

g) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, total ou parcialmente, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión ou nos supostos previstos no título II da Lei 9/2007.

h) No caso de non poder realizar o proxecto para o que se concedeu a axuda, comunicar a renuncia ao expediente solicitado no momento en que se produza a certeza da non execución e, en todo caso, sempre con anterioridade ao vencemento do prazo de execución concedido.

i) Comprometerse a evitar os impactos negativos significativos no medio ambiente na execución das accións, respectando o principio de "non causar prexuízo significativo" (principio "do not significant harm"- DNSH), no sentido establecido no artigo 9.4 do RDC.

j) Cumprir os requisitos de comunicación do financiamento público do proxecto polo Igape, a Xunta de Galicia e a Unión Europea, segundo o establecido no anexo VI das bases reguladoras, durante o período de execución.

k) Facilitar os datos do titular real dos perceptores do financiamento da Unión, no caso de que, requirida a dita información ás autoridades competentes, non poida disporse dela.

l) Todo o anterior sen prexuízo das demais obrigas que resulten do artigo 11 da Lei 9/2007.

Artigo 18. *Xustificación da subvención*

1. Para a xustificación do proxecto subvencionable e o cobramento da subvención concedida, a persoa beneficiaria, dentro do prazo establecido na resolución de convocatoria, deberá cubrir



previamente o formulario electrónico de liquidación a través da aplicación establecida no enderezo da internet <https://spiga-sede.igape.es>.

Deberá cubrir necesariamente todos os campos establecidos como obrigatorios. O devandito formulario conterá os requisitos establecidos no artigo 48 do Decreto 11/2009 para a presentación da conta xustificativa, incluíndo unha relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada.

2. A persoa beneficiaria deberá presentar a solicitude de cobro mediante o formulario normalizado (anexo II) que se obterá de xeito obrigatorio na aplicación informática <https://spiga-sede.igape.es>, accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

3. Unha vez xerada a solicitude de cobro na aplicación informática, a persoa beneficiaria deberá presentala obrigatoriamente por vía electrónica.

4. No caso de que a solicitude de cobro non se presentase en prazo ou a xustificación fose incorrecta, requirirase á persoa beneficiaria para que corrixa os erros ou defectos observados no prazo de 10 días hábiles. A falta de presentación da xustificación no prazo improrrogable establecido comportará a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, segundo o disposto no artigo 45.2 do seu Regulamento. A presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á persoa beneficiaria das sancións que, conforme á lei, correspondan. A xustificación cumprirá, en todo caso, os requisitos establecidos nos artigos 28 e 30 da devandita Lei 9/2007.

5. Xunto coa solicitude de cobramento, o beneficiario da axuda presentará a seguinte documentación:

a) Documentación xustificativa do gasto: documentos acreditativos dos gastos consistentes en facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, segundo o establecido no artigo 28.3 da Lei 9/2007 e no artigo 48 do Decreto 11/2009. As facturas deberán conter suficiente información que permita relacionala co gasto xustificado.

As facturas deberán incluír información suficiente para vinculalas co gasto xustificado. No caso das facturas de viaxes e aloxamento, deberán especificar as datas e os nomes dos viaxeiros ou hospedados.



b) Documentación xustificativa do pagamento, conforme este se realizou efectivamente dentro do prazo de execución, por algún dos seguintes medios:

1º Xustificante de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario, ou xustificante electrónico de transferencia bancaria no que conste o código de verificación na sede electrónica da entidade bancaria ou outro mecanismo que garanta a veracidade do xustificante. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pago e o importe da factura. En ningún caso se admitirán os pagamentos xustificados mediante recibo do provedor, nin os pagos por caixa ou en efectivo.

2º Informe de auditor de contas inscrito como exércente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, que deberá manifestarse sobre o período de realización (facturación) e pago dos gastos alegados, así como sobre a existencia ou non de abonos ou devolucións posteriores que poidan supoñer unha redución no valor patrimonial dos bens alegados como subvencionables no expediente. No caso de que a xustificación da execución do proxecto comprenda máis de 20 facturas, a xustificación deberá facerse obrigatoriamente con este informe de auditor.

No suposto de que o xustificante de pago inclúa varias facturas, deberase achegar unha relación delas, asinada polo representante legal.

No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ás actividades subvencionadas, a xustificación do pago débese realizar sempre mediante algún dos medios sinalados nos puntos anteriores para as facturas alegadas e, ademais, algún dos seguintes documentos: unha relación emitida polo banco dos pagos realizados, unha orde de pagos da empresa selada polo banco ou recibín asinado polo provedor, para os efectos de identificar as facturas non referidas ás actuacións subvencionadas.

As facturas en moeda estranxeira deben presentarse coa copia dos documentos bancarios de cargo no que conste o cambio empregado.

c) Declaración sobre calquera outra axuda recibida e/ou solicitada durante os tres anos anteriores ao da concesión da axuda, que se deberá cubrir no formulario electrónico de liquidación.

d) As tres ofertas que deba solicitar o beneficiario, de acordo co establecido no 6 das bases reguladoras, no caso de non achegalas coa solicitude de axuda.



e) Calquera soporte dos establecidos no Anexo VI das bases onde se aprecie que se cumpriu a obrigatoriedade de publicidade do financiamento público.

f) Unha breve memoria explicativa que inclúa, como mínimo, un índice das accións realizadas, as datas de execución e os gastos realizados. Os detalles específicos serán desenvolvidos posteriormente en cada informe de execución.

g) Informe de execución individualizado para cada acción segundo o modelo do Anexo IV, que inclúe un resumo das accións realizadas, obxectivos acadados, lugar de execución e datas e a numeración da documentación específica para cada tipo de acción.

h) Documentación específica segundo o tipo de acción subvencionada.

1º Accións de promoción:

- Fotografías do stand na feira onde se identifique claramente o nome do expositor e o número de stand.
- Fotografías ou copia dixital do catálogo expositor, ou certificado do expositor.
- Fotografías do espazo de celebración do evento expositivo internacional.
- No caso de gastos de asistencia externa en destino para a detección de oportunidades, a realización de axendas, seguimento de contactos ou clientes iniciais ou existentes: achegar informe asinado polo proveedor no que se indique como mínimo: situación– antes e unha vez realizada a acción– polo que se refire ao servizo contratado, servizos prestados e resultados. E, de ser o caso, detalle das axendas elaboradas con identificación das contrapartes, lugar e datas das reunións realizadas.

2º Accións márketing e comunicación internacional:

- Para anuncios en prensa escrita: fotos das insercións e detalle dos medios, datas das publicacións e países.
- Para cuñas radiofónicas ou spots audiovisuais: certificados de emisión.
- Para publicidade en catálogos: fotografías ou copia dixital do catálogo.
- Para insercións publicitarias dixitais: capturas de pantalla ou enlaces operativos.
- Para elaboración de catálogos: fotografías ou copia dixital do material realizado.

3ª Accións de prospección en mercados internacionais:



- Informe asinado pola empresa provedora, no que se indique, como mínimo: situación da persoa solicitante da axuda –antes e unha vez realizada a acción– polo que se refire ao servizo con tratado, servizos prestados e resultados.
- Fotografías do espazo alugado.
- No caso de accións de seguimento de contactos: achegar informe asinado polo provedor no que se indique como mínimo: situación– antes e unha vez realizada a acción– polo que se refire ao servizo contratado, servizos prestados e resultados. E, de ser o caso, detalle das axendas elaboradas con identificación das contrapartes, lugar e datas das reunións realizadas.

4º Accións de operatividade da internacionalización:

- Documentación acreditativa do rexistro da marca ou patente no organismo competente do país de destino.
- Informe asinado pola empresa provedora, no que se indique, como mínimo: situación da persoa solicitante da axuda –antes e unha vez realizada a acción– polo que se refire ao servizo con tratado, servizos prestados e resultados

5º Accións de dixitalización para a internacionalización:

- Para a creación de novas tendas en liña ou adaptación das existentes: documentación gráfica dos gastos realizados como capturas de pantallas, enlaces operativos e, cando proceda, comparativa coa versión previa.
- Para a creación e adaptación de catálogos en liña: documentación gráfica do gasto realizado como exemplar do catálogo (enlace operativo, ou arquivo dixital), captura de pantalla ou acceso á plataforma na que está publicado e, cando proceda, comparativa coa versión previa.
- Para accións de posicionamento un informe de resultados onde consten as métricas básicas tales como palabras clave posicionadas, aumento do tráfico web, resultados de clics e impresións das campañas SEM e outros que podan resultar de interese.
- Para accións de inbound márketing, evidencias das accións realizadas como descrición do contido creado (por exemplo, blogs, artigos, vídeos ou materiais descargables dirixidos ao público internacional).



- Para as actuacións relacionadas con solucións de analítica e visualización de datos para cadros de mando con KPI's, deben achegarse capturas de pantalla ou configuracións das ferramentas, scripts ou tags implementados, así como exemplos ou capturas de pantalla dos cadros de mando utilizados para monitorizar os KPI's. Estes deben incluír gráficos e visualizacións que representen métricas clave e, no caso de que sexa aplicable, a segmentación por países ou rexións internacionais.

O Igape poderá solicitar as aclaracións pertinentes á documentación presentada ou informes relativos á xustificación do proxecto que consideren convenientes.

A persoa beneficiaria deberá cubrir na ficha resumo de facturas do formulario electrónico de liquidación os datos relativos á contabilidade nos que se reflectan os custos subvencionados para acreditar a obriga establecida no artigo 17.e), xunto cunha declaración responsable do beneficiario de que estes datos reflecten a realidade contable da operación subvencionada.

A persoa beneficiaria deberá presentar a documentación xustificativa obrigatoriamente por vía electrónica.

A persoa beneficiaria responsabilizarase da veracidade dos documentos que presente. A achega das copias dixitalizadas implica a autorización para que a Administración acceda e trate a información persoal contida en tales documentos. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

6. En todos os casos, as persoas beneficiarias deberán estar ao día das súas obrigas coa Facenda Pública estatal, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social. No caso de que a persoa beneficiaria se opoña á consulta ou non preste o consentimento expreso, deberá achegar as certificacións xunto co resto da documentación xustificativa.

7. Advírtese que calquera discrepancia entre a documentación xustificativa e as declaracións da solicitude de axuda poderá ser motivo de perda de dereito ao cobramento da axuda total ou parcial e, de ser o caso, o reintegro das cantidades previamente abonadas.

8. O Igape poderá aceptar variacións entre os importes aprobados para cada unha das accións, coa dobre condición de que a oscilación, en máis ou menos, non supere o 20% de cada acción e que, no seu conxunto, non varíe o importe total do gasto aprobado nin da axuda concedida, nin



desvirtúe as características do proxecto e condicións que fosen tidas en conta para resolver a concesión.

Artigo 19. Aboamento *das axudas*

1. Poderase realizar o pagamento anticipado, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, ata o 50 % do importe da subvención concedida, sempre que a persoa beneficiaria o solicite marcando esta opción no anexo I de solicitude, co límite da anualidade prevista no exercicio orzamentario correspondente. A concesión do anticipo, se é o caso, incluírase na resolución de concesión da axuda. A persoa beneficiaria queda eximida da obriga de constituír garantías conforme ao disposto no artigo 67.4 do Decreto 11/2009.

O pagamento final realizarase polo resto do importe da subvención concedida, unha vez cumprido o obxecto para o cal foi concedida, que se xustificará mediante a presentación, na forma e nos prazos previstos nestas bases, da documentación xustificativa do pagamento final establecido no artigo 18.5. Non se poderá realizar, en ningún caso, o pagamento da subvención mentres a entidade beneficiaria non figure ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias –estatais e autonómicas– e da Seguridade Social, sexa debedora en virtude de resolución declarativa da procedencia de reintegro ou teña algunha débeda pendente, por calquera concepto, coa Administración da Comunidade Autónoma.

O réxime de pagamento deberá cumprir o establecido no artigo 31 da Lei 9/2007 e no título IV do seu regulamento.

Artigo 20. *Perda do dereito á subvención e reintegro*

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación do cumprimento das accións subvencionadas, das condicións impostas na resolución de concesión, das obrigas contidas nestas bases reguladoras, de concorrencia das causas establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar, se é o caso, ao deber de reintegrar total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de mora correspondentes.

2. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobranza da subvención e para facer efectivo o reintegro ao que se refire o punto anterior será o establecido no título II da Lei 9/2007.



3. Procederá a perda total do dereito ao cobro da axuda concedida, sen prexuízo da incoación do oportuno expediente sancionador, nos seguintes casos:

a) Obter a subvención sen reunir as condicións requiridas.

b) Non xustificar ante o Igape o cumprimento dos requisitos e condicións da subvención, así como a realización da actuación e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou desfrute da subvención.

c) Non facilitar os datos requiridos sobre a actividade exportadora ou non permitan someterse ás accións de comprobación que efectúe o Igape, así coma calquera outra acción, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, nomeadamente a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, a Intervención Xeral da Administración do Estado, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas, ou en xeral as comprobacións e verificacións a realizar polo Organismo Intermedio, a Autoridade de Xestión e, no seu caso, os órganos de control da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo ou outras instancias de control, en particular ás verificacións previstas no artigo 74 do RDC, as auditorías do organismo de auditoría do Programa Galicia FEDER 2021-2027 ou das distintas instancias comunitarias de control sobre os fondos europeos.

d) Non dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso.

e) Non acreditar que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais, coa Seguridade Social e coa Comunidade Autónoma.

f) Cando, a consecuencia do incumprimento, o gasto subvencionable quede por debaixo do mínimo establecido nestas bases reguladoras para o acceso ás axudas ou supere os criterios para a determinación da perda parcial do dereito ao cobramento da axuda establecidos no artigo 20.4.

g) En relación con outras subvencións e axudas, suporá a perda ou, se é o caso, o reintegro, do 100% da subvención concedida:

- A non comunicación ao Igape da súa obtención, cando estas financien as actividades subvencionadas.
- A percepción doutras subvencións públicas incompatibles coa subvención prevista nestas bases reguladoras.



h) Non comunicar ao Igape a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

i) Non darlle publicidade ao financiamento do proxecto, de acordo co establecido no anexo VI destas bases.

4. Perda parcial do dereito ao cobro: sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tomadas en conta na concesión da axuda, o Igape poderá declarar a perda parcial do dereito ao cobramento, debendo resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumprida na resolución de concesión e, se é o caso, establecendo a obriga de reintegro cos seguintes criterios:

a) No caso de incumprimento das condicións referentes á contía ou conceptos dos gastos subvencionables, o seu alcance determinarase proporcionalmente a aqueles deixados de practicar ou aplicados a outros distintos dos considerados subvencionables debendo, se e o caso, reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción.

b) Non manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionables, sen prexuízo das normas xerais de contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados co FEDER, suporá a perda ou, se é o caso, o reintegro, dun 2 % da subvención concedida.

Con carácter xeral, se o incumprimento supera o 50 % dos costes directos subvencionables, entenderase que o devandito incumprimento é total, e deben reintegrarse todas as cantidades percibidas e os seus xuros de demora.

5. Devolución voluntaria da subvención.

De acordo co establecido no artigo 64 do Decreto 11/2009, as persoas beneficiarias poderán realizar, sen requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta ES83 2080 0388 2731 1000 0584 en concepto de devolución voluntaria da subvención.

En todo caso, a persoa beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na cal conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida.



Artigo 21. *Réxime sancionador*

Ás persoas beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007.

Artigo 22. *Fiscalización e control*

As persoas beneficiarias destas subvencións someteranse ás actuacións de comprobación e/ou de control que realice o Igape para o seguimento dos proxectos aprobados e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, á Intervención Xeral da Administración do Estado, ao Tribunal de Contas, ao Consello de Contas, ou en xeral as comprobacións e verificacións a realizar polo Organismo Intermedio, a Autoridade de Xestión e, no seu caso, os órganos de control da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo ou outras instancias de control, en particular ás verificacións previstas no artigo 74 do RDC, as auditorías do organismo de auditoría do Programa Galicia FEDER 2021-2027 ou das distintas instancias comunitarias de control sobre os fondos europeos. Para tal fin, garantirase que todos os documentos xustificativos da operación se conserven durante un prazo de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano en que se efectúe o último pagamento á persoa beneficiaria (art. 82 RDC).

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación cos proxectos u operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco desta convocatoria poderá poñer os devanditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención Xeral da Administración do Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto:

<https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>.

Artigo 23. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a



subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 24. *Remisión normativa*

Para todo o non previsto nestas bases aplicarase a seguinte normativa:

a) Regulamento (UE) nº 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis*; Regulamento (UE) nº 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas de *minimis* no sector da pesca e da acuicultura e o Regulamento (UE) nº 1408/2013, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis* no sector agrícola.

b) Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para ditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados (DOUE L 231, do 30 de xuño de 2021).

c) Regulamento (UE) nº 2021/1058, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e ao Fondo de Cohesión (DOUE L 231, do 30 de xuño de 2021).

d) Na normativa comunitaria de desenvolvemento dos devanditos regulamentos.

e) Orde HFP/1414/2023, do 27 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas financiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e do Fondo de Transición Xusta para o período 2021-2027.

f) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.



g) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

h) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

i) Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos).

j) No resto da normativa que resulte de aplicación.

Artigo 26. *Desenvolvemento normativo*

Facúltase á persoa titular da Dirección da Área de Internacionalización para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións, instrucións, aclaracións ou interpretacións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento destas bases reguladoras.



ANEXO I

ANEXO II

ANEXO III

LÍMITES GASTOS DE VIAXE E ALOXAMENTO

Gastos máximos de viaxe subvencionables por persoa e por tramos de distancia entre o país de orixe e o país ou países de destino (terase en conta só unha cidade de destino por país ou países obxecto da actuación).

Distancias cidade de orixe e destino	Importe ida	Importe volta
Entre 100 e 499 km	110,00 €	110,00 €
Entre 500 e 1.999 Km	290,00 €	290,00 €
Entre 2.000 e 2.999 km	345,00 €	345,00 €
Entre 3.000 e 3.999 km	570,00 €	570,00 €
Entre 4.000 e 7.999 km	625,00 €	625,00 €
8.000 Km ou máis	795,00 €	795,00 €

Fonte límite: Distancia dende a cidade de orixe á cidade de destino de celebración das accións calculada en quilómetros segundo o calculador establecido pola Comisión Europea para o abono dos desprazamentos nos proxectos europeos.

http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/resources_en

Gastos máximos de aloxamento e almorzo subvencionables:

Fonte: per diem Comisión Europea. Detalle país no enlace:

https://international-partnerships.ec.europa.eu/document/download/167fc5d8-015b-4a51-85b1-266891fbcc21_en?filename=per-diem-rates-20241108_en.pdf

(tarifas publicadas a 08/11/2024)

Nos per diem establécense os límites máximos de aloxamento: 80% do importe total indicado per diem.

ANEXO IV

INFORME DE EXECUCIÓN

1. ACCIÓNS DE PROMOCIÓN

Participación en feiras comerciais internacionais, eventos expositivos internacionais e misións comerciais directas. No caso de participar en máis dunha actuación, será necesario presentar un informe de execución para cada unha delas.

1.1 FEIRAS E OUTROS EVENTOS EXPOSITIVOS INTERNACIONAIS PRESENCIAIS

Nº expediente:

Solicitante:

¿Aléganse gastos cun mesmo proveedor de importe igual ou superior a 15.000€? (si/non)

Feira/ Evento 1

Título feira/ evento expositivo:

Feira/ evento incluído na solicitude da axuda (si/non):

Tipo de evento expositivo: xornada técnica, demostracións, encontro, desfile, participación en concurso ou certame, presentación de produtos, cata, degustación ou similar.

Breve descrición feira/ evento: alcance do evento e interese para a empresa, mercados e sectores aos que se dirixe, obxectivos concretos e resultados esperados.

Breve resumo do desenvolvemento e resultados acadados:

Organizador:

Data inicio:

Data fin:

País celebración:

Cidade celebración:

Nome/s persoa/s que viaxa/n:

Aloxamento:

Nome hotel:

Data entrada:

Data saída:

Cidade hotel:

Per diem país:



Fonte:

http://ec.europa.eu/europeaid/work/procedures/implementation/per_diems/index_en.htm

Nº noitadas:

Total aloxamento subvencionable:

Viaxe:

Data saída:

Data regreso:

Cidade orixe:

Cidade destino:

Cidade regreso:

Distancia entre cidade orixe e destino: fonte:

http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/resources_en

Gasto máximo subvencionable:

Fotografía/s stand/evento da empresa solicitante: deberá identificarse claramente o nome da empresa e/ou da marca comercial ou dos produtos ou servizos expostos pola empresa solicitante. No caso de gastos de construción de stand, decoración ou similares deben apreciarse, ademais, os elementos correspondentes a estes gastos para os que se solicita subvención.

Fotografía/s ou copia dixital do catálogo expositor: (parte que mostre o ano e o título da feira comercial e o nome da empresa solicitante da axuda como expositora).

1.2 FEIRAS E OUTROS EVENTOS EXPOSITIVOS INTERNACIONAIS VIRTUAIS

Participación como expositores en feiras ou outros eventos expositivos virtuais (no caso de participación en varios eventos presentar un informe de execución por cada feira/ evento):

Feira/Evento 1

Título feira/evento:

Feira/Evento incluído na solicitude da axuda (si/non):

Breve descrición feira/evento: (No caso de feiras/eventos novos non incluídos na solicitude da axuda: alcance do evento e interese para a empresa, mercados e sectores aos que se dirixe, obxectivos concretos e resultados esperados).

Organizador:



Data inicio:

Data fin:

País celebración:

Cidade celebración:

Nome da/s persoa/s inscrita na feira evento e posto na empresa:

Breve resumo do desenvolvemento e resultados da acción:

Enlace ao catálogo virtual no que se acredite a participación da empresa como expositor.

Nome persoa/s que viaxa:

Aloxamento:

Nome hotel:

Data entrada:

Data saída:

Cidade hotel:

Per diem país:

Fonte:

http://ec.europa.eu/europeaid/work/procedures/implementation/per_diems/index_en.htm

Nº noites:

Total aloxamento subvencionable:

Viaxe:

Data saída:

Data regreso:

Cidade orixe:

Cidade destino:

Cidade regreso:

Distancia entre cidade orixe e destino: fonte:

http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/resources_en

Gasto máximo subvencionable:

1.3 MISIÓN COMERCIAIS DIRECTAS

Nº expediente:

Solicitante:

¿Aléganse gastos cun mesmo provedor de importe igual ou superior a 15.000€? (si/non)

Misión incluída na solicitude da axuda:



Breve descripción misión: alcance e interese para a empresa, mercados e sectores aos que se dirixe, obxectivos concretos e resultados esperados.

Data inicio:

Data fin:

País celebración:

Cidade celebración:

Detalle das axendas elaboradas con identificación das contrapartes, lugar e datas das reunións realizadas:

De ser o caso, deberanse xuntar os informes de consultoría correspondentes a estes servizos

Breve resumo do desenvolvemento e resultados da acción:

Nome persoa/s que viaxa:

Aloxamento:

Nome hotel:

Data entrada:

Data saída:

Cidade hotel:

Per diem país:

Fonte:

http://ec.europa.eu/europeaid/work/procedures/implementation/per_diems/index_en.htm

Nº noites:

Total aloxamento subvencionable:

Viaxe:

Data saída:

Data regreso:

Cidade orixe:

Cidade destino:

Cidade regreso:

Distancia entre cidade orixe e destino: fonte:

http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/resources_en

Gasto máximo subvencionable:

No caso de gastos de asistencia externa en destino a realización de axendas: achegar informe asinado polo proveedor no que se indique como mínimo: situación- antes e unha vez realizada a acción- polo que se refire ao servizo contratado, servizos prestados e resultados.



De ser o caso, detalle das axendas elaboradas con identificación das contrapartes, lugar e datas das reunións realizadas.

1.4 MISIÓN COMERCIAIS INVERSAS

No caso de varias misións presentar un informe de execución por cada unha.

Nº expediente:

Solicitante:

¿Aléganse gastos cun mesmo proveedor de importe igual ou superior a 15.000€? (si/non)

Misión inversa 1

Título misión inversa:

Breve descrición da misión/visita recibida:

Breve resumo do desenvolvemento e resultados da acción:

Organizador:

Data inicio:

Data fin:

País/es de orixe:

Localidade/s galega/s destino:

Aloxamento:

- Nome hotel:
- Data entrada:
- Data saída:
- Cidade hotel:
- Per diem país:

Fonte:

http://ec.europa.eu/europeaid/work/procedures/implementation/per_diems/index_en.htm

- Per diem aloxamento por noitada (80% per diem país):
- Nº noitadas realizadas:

Viaxe:

- Data saída:
- Data regreso:
- Cidade orixe:



- Cidade destino:
- Cidade regreso:
- Distancia entre cidade orixe/regreso e destino: fonte: http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/resources_en
- Gasto máximo subvencionable:
Gasto máximo subvencionable:
Fotografías que permitan verificar inequivocamente a presenza da/s empresa/s ou prescriptores visitantes tanto no interior como no exterior das instalacións da empresa solicitante, ou doutros centros visitados (portos, parques tecnolóxicos, etc.); Deberá identificarse claramente o/s nome/s do/s empresas/centros ou eventos visitados.
Axenda da misión inversa

2. ACCIÓNS DE MÁRKETING E COMUNICACIÓN INTERNACIONAL

2.1 Campañas de publicidade en medios de comunicación e redes sociais. No caso de campañas en distintos medios presentar un informe de execución por cada un deles.

Nº expediente:

Solicitante:

¿Aléganse gastos cun mesmo proveedor de importe igual ou superior a 15.000€? (si/non)

Título da campaña:

Breve descrición:

Medio/s:

Data inicio:

Data fin:

Calendario das insercións:

País/es de difusión:

Breve resumo da execución:

Fotos das insercións ou enlaces operativos: (a efectos de relacionar cada foto coa inserción correspondente, indicar como título cada inserción antes de cada foto ou grupo de fotos).

No caso de insercións en televisión ou radio: pode xuntarse enlace ou copia de arquivos dixitais cos vídeos ou cuñas radiofónicas.

2.2. Campañas ou Insercións publicitarias en catálogos físicos ou dixitais, e páxinas web de importadores/distribuidores, no estranxeiro.

Nº expediente:

Solicitante:

¿Aléganse gastos cun mesmo proveedor de importe igual ou superior a 15.000€? (si/non)



Título da campaña:

Breve descrición:

Denominación do catálogo do importador/distribuidor:

No caso de catálogo dixital, copia dixital ou enlace operativo ao dito catálogo do importador/distribuidor:

¿Existe relación comercial previa co dito importador/distribuidor?

Identificación do importador/distribuidor: (razón social, NIF (ou equivalente), nome comercial, datos de contacto, nome e cargo da/s persoa/s relacionadas coa solicitante):

Páxina web do importador/distribuidor:

Data inicio:

Data fin:

Calendario das insercións:

País/es de difusión:

Breve resumo da execución:

Fotos, copia dixital ou enlace operativo a copia do material promocional: (a efectos de relacionar cada foto coa factura correspondente, indicar -como título- cada factura antes de cada foto ou grupo de fotos).

2.3 Elaboración de catálogos físicos ou virtuais para difusión no estranxeiro.

Nº expediente:

Solicitante:

¿Aléganse gastos cun mesmo proveedor de importe igual ou superior a 15.000€? (si/non)

Breve descrición (alcance e interese para a empresa, mercados e sectores aos que se dirixe, obxectivos concretos e resultados esperados):

Breve resumo da execución:

Data inicio da difusión do catálogo:

Data fin:

Calendario da difusión do catálogo:

Número de copias impresas:

Modo de difusión (accións de publicidade, promoción ou prospección nas que se utilizou):

País/es de difusión:

Fotos, copia dixital ou enlace operativo ao do material promocional: (a efectos de relacionar cada foto coa factura correspondente, indicar -como título- cada factura antes de cada foto ou grupo de fotos).



3. PROSPECCIÓN EN MERCADOS INTERNACIONAIS

Documento/informe de consultoría que debe vir asinado polo proveedor/es do servizo.

Nº expediente:

Solicitante:

Descrición dos servizos prestados:

Data inicio prestación dos servizos:

Data fin prestación dos servizos:

No de seguimento de contactos, informe do proveedor no que se indique como mínimo: situación– antes e unha vez realizada a acción- polo que se refire ao servizo contratado, servizos prestados e resultados. detalle das axendas elaboradas con identificación das contrapartes, lugar e datas das reunións realizadas.

No seu caso, fotografías do espazo alugado.

No seu caso, xuntar os informes de consultoría correspondentes a estes servizos:

No caso de accións de implantación promocional en destino: breve resumo de desenvolvemento e resultados obtidos. Datos do arrendador, duración do contrato de aluguer, incluíndo data de inicio e data de finalización, dirección do local.

4. OPERATIVIDADE DA INTERNACIONALIZACIÓN

Nº expediente:

Solicitante:

Descrición dos servizos prestados:

Informe asinado polo proveedor, no que se indique, como mínimo: situación da persoa solicitante da axuda –antes e unha vez realizada a acción– polo que se refire ao servizo con tratado, servizos prestados e resultados.

Data inicio prestación dos servizos:

Data fin prestación dos servizos:

Resumo dos resultados obtidos:

5. DIXITALIZACIÓN PARA A INTERNACIONALIZACIÓN

Nº expediente:

Solicitante:

¿Aléganse gastos cun mesmo proveedor de importe igual ou superior a 15.000€? (si/non)



Breve descripción das actuacións

Mercados obxectivo

Enlaces ás tendas en liña

Para a creación de novas tendas en liña ou adaptación das existentes: documentación gráfica do gasto realizado como capturas de pantallas, enlaces operativos e, cando proceda, comparativa coa versión previa.

Para a creación e adaptación de catálogos en liña: documentación gráfica do gasto realizado como exemplar do catálogo (enlace operativo, ou arquivo dixital), captura de pantalla ou acceso á plataforma na que está publicado e, cando proceda, comparativa coa versión previa.

Para accións de inbound márketing, evidencias das accións realizadas como descrición do contido creado (por exemplo blogs, artigos, vídeos ou materiais descartables dirixidos ao público internacional)

Para as actuacións relacionadas con solucións de analítica e visualización de datos para cadros de mando con KPI's, deben achegarse capturas de pantalla ou configuracións das ferramentas, scripts ou tags implementados, así como exemplos ou capturas de pantalla dos cadros de mando utilizados para monitorizar os KPI's. Estes deben incluír gráficos e visualizacións que representen métricas clave, e, no caso de que sexa aplicable, a segmentación por países ou rexións internacionais.



ANEXO V



ANEXO VI

REQUISITOS DE COMUNICACIÓN DO FINANCIAMENTO PÚBLICO

Responsabilidade da persoa beneficiaria.

As axudas para a execución de accións de promoción exterior das empresas galegas son subvencións cofinanciadas con fondos da Unión Europea no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027. En relación coa publicidade do financiamento, de conformidade co previsto nos artigos 47, 50 e Anexo IX do Regulamento (UE) 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño, durante o período de execución do proxecto ata que remate o período de xustificación da subvención, recoñecerá a axuda dos fondos europeos a través do FEDER, e para iso:

a) No seu sitio web oficial, cando o dito sitio web exista, e nas súas contas nas redes sociais fará unha breve descrición da operación, de xeito proporcionado en relación co nivel de axuda, cos seus obxectivos e resultados, destacando a axuda financeira da Unión Europea.

Para cumprir con este requisito pode utilizarse a seguinte imaxe:

https://igape.gal/images/01-pemes-autonomos/01-03-internacionalizacion/Cartel_Ayudas_Igape_GEE.pdf



Esta entidade foi beneficiaria das axudas para a execución de accións de promoción exterior das empresas galegas



O obxectivo principal destas axudas é incentivar a realización de accións de promoción exterior xeradoras de vantaxes competitivas.

O resultado que se pretende acadar é o impulso das pemes e os seus produtos e servizos, aumentando o número de empresas de base exportadora.

b) Nos documentos e materiais de comunicación destinados ao público e relacionados coa execución da actuación, proporcionará unha declaración que destaque a axuda da Unión Europea de xeito visible.

O formato que se deberá utilizar é o seguinte:

PROXECTO COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA

c) Exhibirá nun lugar ben visible para o público polo menos un cartel de tamaño mínimo A3 ou unha pantalla electrónica equivalente con información sobre a actuación onde se destaque a axuda dos fondos europeos; nos casos nos que a persoa beneficiaria sexa unha persoa física, asegurará, na medida do posible, a dispoñibilidade de información axeitada onde se destaque a axuda dos fondos europeos, nun lugar visible para o público ou mediante unha pantalla electrónica.

O formato que se deberá utilizar é o seguinte:

https://igape.gal/images/01-pemes-autonomos/01-03-internacionalizacion/Cartel_Ayudas_Igape_GEE.pdf



Esta entidade foi beneficiaria das axudas para a execución de accións de promoción exterior das empresas galegas



O obxectivo principal destas axudas é incentivar a realización de accións de promoción exterior xeradoras de vantaxes competitivas.

O resultado que se pretende acadar é o impulso das pemes e os seus produtos e servizos, aumentando o número de empresas de base exportadora.

Cando varias actuacións teñan lugar no mesmo emprazamento só é preciso colocar unha placa ou cartel.

Durante o período de obrigatoriedade de conservación da documentación, a persoa beneficiaria deberá conservar, preferentemente en formato dixital, unha copia de todos os materiais de comunicación e publicidade que elabore no marco da actuación.

Este material deberá ser posto a disposición do Organismo Intermedio ou das institucións da Unión Europea se así llo solicitan.

A persoa beneficiaria deberá respectar, en todo momento, as orientacións recollidas no documento "Uso del emblema europeo en el contexto de los Programas de la UE 2021-2027" (https://commission.europa.eu/system/files/2021-05/eu-emblem-rules_es.pdf) e as características técnicas descritas no Anexo IX do Regulamento (UE) 2021/1060.

